

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

10265 *Real decreto 1141/2012, do 27 de xullo, que modifica o Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas.*

O punto dous da disposición derradeira quinta da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, modificou a Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, para engadir un novo punto 1 á disposición adicional sexta, Acceso ao corpo militar de sanidade na especialidade de medicina. Esta modificación, en esencia, posibilita o ingreso no citado corpo e especialidade e, por tanto, na Escola Militar de Sanidade, sen titulación universitaria previa; neste caso, a formación dos oficiais médicos comprende, por unha parte, a formación militar xeral, específica e técnica, e por outra, a correspondente ao título universitario oficial de graduado en medicina. Esta modificación fundaméntase na necesidade de mellorar a escasa captación de recursos humanos nunha especialidade crítica como é a de medicina, ao que hai que engadir a presenza das Forzas Armadas en numerosos escenarios fóra das nosas fronteiras.

No Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, non se prevé o ingreso sen exigencia de titulación universitaria previa ao corpo militar de sanidade, nin como se debe ordenar a formación cando se acceda ao ensino sen requisito de titulación, polo que se require definir ambos os aspectos.

Para posibilitar as ensinanzas conducentes á obtención do título de graduado en medicina, o centro situado no Grupo de Escolas da Defensa de Madrid integrouse no sistema de centros universitarios da defensa e asinou coa Universidade de Alcalá o convenio de adscrición para impartilas.

Por outra parte, a disposición derradeira sexta da citada Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, modificou tamén a Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, no sentido de facilitar a promoción interna dos soldados e mariñeiros ao ensino militar de formación para a incorporación á escala de suboficiais, reducindo a un ano o requisito de tempo de servizos, aspecto que tamén se estende para a promoción á de oficiais. Parece oportuno e acertado aplicar o mesmo criterio en canto á redución dos tempos de servizo, para que os suboficiais poidan participar nos procesos de selección por promoción ás escalas de oficiais.

Establécense tamén medidas de carácter transitorio para facilitar a promoción dos suboficiais, cando se exixan requisitos de titulación, incrementando os anos de exención nos límites de idade.

Polo exposto, faise necesario introducir as modificacións pertinentes coa finalidade de adaptar esta norma tanto á nova posibilidade de ingreso como á menor exigencia de tempo de servizos establecidas pola Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xullo de 2012,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas.*

Modifícase o Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, no seguinte sentido:

Un. Modifícase o punto 2 da disposición adicional primeira do Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, que queda redactado como segue:

«2. A formación militar xeral e específica para incorporarse á escala de oficiais do corpo xeral do Exército de Terra poderase completar nos seguintes centros docentes militares de formación:

- a) Academia de Infantaría.
- b) Academia de Cabalaría.
- c) Academia de Artillaría.
- d) Academia de Enxeñeiros.»

Dous. Engádesse unha nova disposición adicional, cuarta, ao Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta. *Acceso á escala de oficiais do corpo militar de sanidade, especialidade fundamental de medicina con créditos adquiridos.*

1. De se dispor na convocatoria, poderase acceder tamén por ingreso directo ou por promoción aos centros docentes militares de formación para o acceso á escala de oficiais do corpo militar de sanidade, especialidade fundamental de medicina, cando se teñan superados, polo menos, 120 ECTS do título de graduado en medicina ou, se for o caso, 160 créditos do de licenciado en medicina. O límite de idade para poder participar nos procesos de selección establécese en non facer nin ter feitos os 25 anos no ano en que se publique a convocatoria.

2. No baremo que se aplicará na fase concurso valoraranse os créditos superados.»

Tres. Modifícanse os puntos 5 e 7 da disposición transitoria quinta do Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, que quedan redactados como segue:

«5. Nas convocatorias correspondentes aos anos 2012 ata o 2018 inclusive, os suboficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña que posúan a titulación requirida conforme o indicado no artigo 17.1.b).2.º do regulamento que se aproba, poderán acceder por promoción para cambio de escala ou corpo ás prazas que se determinen na provisión anual, quedando exentos dos límites de idade.»

«7. Para participar nos procesos de selección que se convoquen durante os anos 2012 ata o 2018 inclusive, para incorporarse por promoción para cambio de escala, á escala de oficiais do corpo de músicos militares, os suboficiais músicos quedan exentos dos límites de idade establecidos.»

Catro. Engádesse un segundo parágrafo á disposición derradeira cuarta do Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, coa seguinte redacción:

«As normas que o ministro de Defensa dite para regular os procesos de selección para o ingreso nos centros docentes militares de formación sen exigencia de titulación universitaria previa para a incorporación á escala de oficiais do corpo militar de sanidade, especialidade fundamental de medicina, tomarán como referencia, con aquelas adaptacións que fosen necesarias, as que se determinan

para o ingreso directo e por promoción sen exigencia de titulación universitaria para o acceso á escala de oficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña.»

Cinco. Modifícase o punto 6 do artigo 5 do Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, que queda redactado da seguinte forma:

«6. A incidencia do concurso na puntuación final máxima que se poida obter por concurso-oposición non poderá ser superior ao 10 por cento no ingreso directo, nin ao 30 por cento no cambio de escala ou de corpo. O indicado non será de aplicación no sistema de selección que se empregue para o ingreso nas ensinanzas de formación de oficiais e suboficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, así como nas de oficiais do corpo militar de sanidade, especialidade fundamental de medicina, cando non se exixan requisitos de titulación universitaria previa, que se regulará polo que se dispoña nas normas que rexan os procesos de selección correspondentes.»

Seis. Modifícase o punto 2 do artigo 6 do Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, que queda redactado como segue:

«2. O número de prazas para o ingreso directo nas ensinanzas de formación de oficiais dos corpos xerais, corpo de Infantaría de Mariña e do corpo militar de sanidade, especialidade fundamental de medicina, cando non se exixa titulación universitaria, será superior ao das establecidas para a incorporación á escala.»

Sete. Modifícase o punto 1 do artigo 7 do Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, que queda redactado como segue:

«1. Para os efectos indicados no artigo 43.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, as universidades públicas a que se encontren adscritos os centros universitarios da defensa incluírán, na súa oferta de ensino e prazas, como prazas adicionais, as aprobadas polo Consello de Ministros na provisión anual para cursar as ensinanzas universitarias que permitan a incorporación ás escalas de oficiais dos corpos xerais, corpo de Infantaría de Mariña e corpo militar de sanidade, especialidade fundamental de medicina, cando non se exixa para o ingreso titulación universitaria previa.»

Oito. Modifícanse as letras a) e b) do artigo 8.6 do Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, que quedan redactadas como segue:

«a) Para o ingreso directo sen exigencia de titulación universitaria previa nos centros docentes militares de formación para incorporarse ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, así como ao corpo militar de sanidade, especialidade fundamental de medicina, e a correspondente admisión aos centros universitarios da defensa, a adxudicación das prazas efectuarase de acordo coa nota de admisión que, en cada caso, corresponda conforme o disposto no Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, fixándose o parámetro de ponderación das materias da fase específica ou módulos que se valoran en 0,1.

O subsecretario de Defensa poderá elevar este parámetro ata 0,2 naquelas que considere máis idóneas para seguir con éxito os plans de estudos correspondentes. De se modificar, deberanse facer públicos os valores, e as materias e módulos afectados, antes do 31 de marzo do ano anterior ao da proba de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao.

b) Para o ingreso directo sen exigencia de titulación universitaria ou de formación profesional, nos centros docentes militares de formación para

incorporarse ás escalas de oficiais e de suboficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, así como ao corpo militar de sanidade, especialidade fundamental de medicina, e a correspondente admisión nos centros que impartan ensinanzas do sistema educativo xeral, á fórmula utilizada para determinar a nota de admisión engadiráselle un novo sumando que, conforme o disposto no artigo 56.7 da Lei da carreira militar, valore o tempo servido nas Forzas Armadas. A puntuación que se outorgue por este concepto non poderá superar os 0,5 puntos.»

Nove. Modifícase a letra d) do artigo 15.4 do Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, que queda redactada como segue:

«d) Ter cumpridos os seguintes tempos de servizo na súa escala na data de incorporación ao centro docente militar de formación correspondente:

- 1.º Militares de complemento: 2 anos.
- 2.º Suboficiais: 1 ano.
- 3.º Tropa e mariñeiría: 1 ano.»

Dez. Modifícase a letra b) do artigo 16.1 do Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, que queda redactado como segue:

«b) Para incorporarse ás diferentes escalas de oficiais dos corpos de intendencia e de enxeñeiros do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, e dos corpos comúns das Forzas Armadas:

- 1.º Ingreso directo sen exigencia previa de titulación de grao universitario ao corpo militar de sanidade, especialidade fundamental de medicina: 20 anos.
- 2.º Ingreso por promoción sen exigencia previa de titulación de grao universitario ao corpo militar de sanidade, especialidade fundamental de medicina: 27 anos.
- 3.º Ingreso directo con exigencia previa de titulación de grao universitario: 30 anos, excepto para a especialidade fundamental de medicina do corpo militar de sanidade e para a especialidade fundamental de dirección do corpo de músicas militares, que se establece en 33 anos, ou 37 no suposto de que se requira estar en posesión dun título de médico especialista.
- 4.º Ingreso por promoción con exigencia previa de titulación de grao universitario: 35 anos, excepto para a especialidade fundamental de medicina do corpo militar de sanidade e especialidade fundamental de dirección do corpo de músicas militares, que se establece en 37 anos.»

Once. Modifícase o artigo 17.2 do Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, que queda redactado como segue:

«2. Para participar nos procesos de selección para cursar as ensinanzas de formación para incorporarse ás diferentes escalas de oficiais dos corpos de intendencia e enxeñeiros do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, e aos corpos comúns das Forzas Armadas, excepto ao corpo de músicas militares, exixíranse as titulacións universitarias de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional que se establezan na convocatoria correspondente, de entre as que figuran no anexo II e as que, conforme o alí indicado, determine o ministro de Defensa.

Nos procesos de selección para o ingreso sen exigencia de titulación universitaria para a incorporación á escala de oficiais do corpo militar de sanidade, especialidade fundamental de medicina, exixíranse os mesmos requisitos de

titulación que figuran nos puntos anteriores 1.a).1.º para o ingreso directo, e 1.b).1.º para o ingreso por promoción.»

Doce. Modifícase o artigo 22.7 do Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, que queda redactado como segue:

«O número máximo de créditos consecuencia da integración, baseándose nas materias ou disciplinas duais, dos dous plans de estudos requiridos para incorporarse ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, ingresando sen título oficial de graduado previo, será de 380. Cando se exixan requisitos de titulación previa para o ingreso, o plan de estudos de formación militar xeral, específica e para a adquisición da especialidade fundamental non poderá superar os 152 ECTS.»

Trece. Modifícase o artigo 23 do Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, que queda redactado como segue:

«O ensino de formación para incorporarse ás diferentes escalas de oficiais dos corpos de intendencia e de enxeñeiros do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire requirirá a superación dun plan de estudos de formación militar xeral, específica e técnica que complete a formación acreditada cos títulos exixidos para o ingreso. Terá unha duración mínima dun curso académico.»

Catorce. Modifícase o artigo 24 do Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, que queda redactado como segue:

«1. Con carácter xeral o ensino de formación para incorporarse ás escalas de oficiais dos corpos comúns das Forzas Armadas requirirá a superación dun plan de estudos de formación militar xeral, específica e técnica que complete a formación acreditada cos títulos exixidos para o ingreso. Terá unha duración dun curso académico.

2. No caso do ingreso directo ou por promoción sen exixencia de titulación universitaria previa para o acceso á escala de oficiais do corpo militar de sanidade, especialidade fundamental de medicina, o ensino de formación requirirá a superación de dous plans de estudos, un de formación militar xeral, específica e técnica e, outro, correspondente ao título universitario oficial de graduado en medicina. O total do ensino ordenarase en seis cursos académicos. Neste caso será ademais de aplicación o que se dispón nos puntos 3 e 5 do artigo 22 anterior.»

Quince. Modifícase o punto 3.º do artigo 28.b) do Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, que queda redactado como segue:

«3.º Diferentes escalas de oficiais dos corpos de intendencia e de enxeñeiros do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, dos corpos comúns das Forzas Armadas e de militares de complemento: non será inferior a 8 semanas, excepto para a escala de oficiais do corpo militar de sanidade, especialidade fundamental de medicina, cando se ingresase sen exixencia de titulación universitaria previa, a que se aplicará o previsto no punto 1.º»

Dezaseis. Modifícase o segundo parágrafo do punto 2, Escalas de oficiais. Títulos universitarios oficiais, do anexo II do Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, que queda redactado como segue:

«Para ingresar nos centros docentes militares de formación de oficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, os títulos oficiais de graduado deberán estar adscritos ás ramas de coñecemento de enxeñaría e arquitectura, ciencias, e ciencias sociais e xurídicas vinculados coa economía e a dirección e administración de empresas.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de xullo de 2012.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Defensa,
PEDRO MORENÉS EULATE